



DATOS IDENTIFICATIVOS

Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional

Materia	Innovación Docente e Iniciación á Investigación na Formación Profesional			
Código	V02M066V06227			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Formación Profesional. Servizos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González González, Salvador Guillermo Alfonso Gil, Sonia			
Profesorado	Alfonso Gil, Sonia Alvarez Lires, Francisco Javier González González, Salvador Guillermo			
Correo-e	soalgi@uvigo.es salva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Os continuos cambios sociais que experimenta a nosa sociedade reflíctense nos comportamentos cidadáns e nas dinámicas dos centros e institucións educativas, cuxo meso e microsistema absorbe a diversidade e complexidade do macrosistema social. O profesorado, os centros e institucións educativas enfróntanse no momento actual ao desafío de ofrecer resposta á ampla demanda educativa da sociedade contemporánea. Ante estes desafíos, o profesorado necesita e demanda recursos, formación e estratexias que lles permitan atopar respostas útiles, realistas e eficaces para adaptarse e adaptar a educación aos novos requirimentos sociais. Entre estes recursos e estratexias atópanse a innovación e a investigación educativa. Nela tratarase fundamentalmente de como abordar dende o centro e a clase proxectos de innovación e investigación didáctica			

Competencias de titulación

Código	
A22	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A42	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A43	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade
A44	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.

A45	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinares

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da materia.	saber saber facer	A42
Demostrar, dun xeito crítico e construtivo, o coñecemento sobre o desenvolvemento do saber E-A na materia a través do emprego de prácticas modelo e de procesos de orientación. Todo iso dentro dun modelo de busca da excelencia.	saber	A22 A43
Identificar e resolver problemas de E-A.	saber saber facer	A44
Indagar, chegar a asimilar e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas, e chegar a deseñar e, xa que logo, desenvolver proxectos de innovación, investigación e avaliación.	saber saber facer	A45
Utilizar fontes de coñecemento, tanto primarias como secundarias e de diferente natureza e soportes.	saber saber facer	B1
Saber traballar de xeito óptimo e construtivo en entornos cooperativos e pluridisciplinares	saber facer Saber estar / ser	B3

Contidos

Tema	
1. A función investigadora do persoal docente de FP.	- Relevancia da investigación para a labor docente na FP.
2. Achegas da investigación educativa á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe na materia.	- Os métodos e técnicas de investigación e o seu papel na práctica docente. - O acceso a e manexo da información como elemento clave da mellora docente.
3. Análise e valoración dos proxectos e experiencias innovadoras no ensino-aprendizaxe.	- A aprendizaxe baseada en proxectos.
4. Deseño e desenvolvemento de outras propostas de innovación e investigación no ensino-aprendizaxe.	- A aprendizaxe cooperativa como proposta de innovación metodolóxica na aula.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	25	37
Resolución de problemas e/ou exercicios	7	10	17
Traballos de aula	5	8	13
Debates	2	2	4
Estudo de casos/análises de situacións	0	15	15
Actividades introdutorias	1	0	1
Traballos e proxectos	3	60	63

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral... Pode realizarse a través de plataformas de contidos como FAITIC

Estudo de casos/análises Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar de situacións hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Actividades introductorias Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías (consultar web uvigo). Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación a través da plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías (consultar web uvigo). Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación a través da plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Traballos de aula	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías (consultar web uvigo). Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación a través da plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías (consultar web uvigo). Titorización vía correo electrónico: dúbidas sobre a realización de traballos, actividades, exames, etc. Teleformación a través da plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución e posterior presentación de situacións problemáticas e prácticas propostas polo profesorado ou suxeridas polo alumnado.	20
Traballos de aula	Guía de exercicios e/ou plataforma dixital FAITIC para a súa presentación. Neste epígrafe valórase a asistencia activa ás clases	20
Estudo de casos/análises de situacións	Lectura e posterior análise de forma individual e/ou grupal de artigos e outro tipo de documentación	10
Traballos e proxectos	Memoria do proxecto e, de se-lo caso, defensa oral	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para acadar unha **avaliación continua positiva**, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia dun mínimo do 80% ás sesións, ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados o primeiro día de clase coa presentación do programa da materia.

- O alumnado que **non obteña unha avaliación continua positiva**, sobre os parámetros expostos anteriormente, e teña presentado o proxecto de innovación educativa e/ou investigación), poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará baseada na rigorosidade e afondamento nos coñecementos e competencias acadadas polo alumnado na materia e terá una ponderación de 5 puntos (50% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V02M066V06301

Traballo Fin de Master/V02M066V06401

Outros comentarios

Esta materia ten un carácter marcadamente propedéutico con respecto as prácticas externas ou practicum que o alumnado realizará unha vez rematada a parte específica e, asemade, co traballo de fin de grao que terá que render e defender para acadar o mestrado.
